



POLICÍA LOCAL
Santiago de Compostela

MEMORIA ANUAL CURSO 2016/2017



POLICÍA LOCAL

ALCALDE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Martiño Noriega Sánchez

CONCELLEIRO DE MEDIOAMBIENTE E CONVIVENCIA

Xan Duro Fernández

XEFATURA DA POLICÍA LOCAL

José Manuel Traba Gesto

INSPECTOR DA SECCIÓN

José Antonio Pena Santamaría

OFICIAL E COORDINADORA DA SECCIÓN

Diana Parente Pampín

EQUIPO DE EDUCACIÓN VIARIA

Eulogio Iglesias Solla

Carlos González Rendo

Maximino Viaño Marcos

INTRODUCCIÓN

Queridos amigos e amigas,

Posto que a ilusión non ten límites, un ano máis tedes ante vós a memoria descritiva dun curso cheo de retos novos que asumimos con moito traballo e esforzo, pero á súa vez contaxiados de entusiasmo, creatividade e sobre todo con moitas ganas de axudar a mellorar a calidade de vida da cidadanía compostelá.

Conscientes de que a problemática da seguridade viaria está presente en toda a cidadanía e forma parte do cotián, o obxectivo foi reforzar os proxectos postos a andar no curso 2015-16 e ademais ir chegando cada vez a máis grupos de idade. A aceptación por parte do profesorado e outras institucións cada vez é maior, o que nos enorgullece, por seren pezas estratéxicas para ir dando cada vez máis forza á mensaxe do noso traballo.

A solución do problema do tráfico non é doada. Non obstante, a súa solución é posible se todos nos involucramos. Teñamos en conta que o tráfico non é outra cousa que o respecto como símbolo de educación. Desde a solidariedade, o respecto, a información, a educación e a responsabilidade, conseguiremos avanzar cara a unha sociedade máis segura e con maiores cotas de calidade de vida. Todo iso faise co esforzo necesario das Administracións pero, insistimos, tamén de todos e cada un dos cidadáns e cidadás da nosa cidade.

Cremos firmemente que podemos achegar algo para que a nosa cidade sexa máis humana e segura e isto apreciámolo, sobre todo, nas voces dos máis pequenos e pequenas. Pechamos este curso co lema gañador do debuxo dunha nena de cuarto de primaria: “Se accidentes de tráfico non queres sufrir as normas has de seguir”.

Concluimos agradecendo o incondicional apoio da xefatura da Policía Local e da Concellaría de Convivencia. Por suposto dámosvos as grazas a todos e cada un de vós, e poñemos de manifesto que para o próximo curso, un ano máis, seguiremos camiñando ao voso carón.

SUMARIO


Contenido

INTRODUCCIÓN	3
SUMARIO.....	4
A EDUCACIÓN VIARIA.....	5
DATOS XERAIS DE PARTICIPACIÓN DE CENTROS EDUCATIVOS	6
RELACIÓN DE CENTROS E PARTICIPACIÓN.....	7
EDUCACIÓN INFANTIL (5º EI)	8
EDUCACIÓN PRIMARIA (4º CURSO)	10
EDUCACIÓN PRIMARIA (6º CURSO)	12
BACHARELATO (1º CURSO)	13
EDUCACIÓN ESPECIAL	15
PERSOAS MAIORES.....	17
TALLERES SOBRE SISTEMAS DE RETENCIÓN INFANTIL.....	19
CAMPAÑA INFORMATIVA USO DOS SISTEMAS DE RETENCIÓN INFANTÍS.	20
OUTRASCOLABORACIÓN.....	22
CASA DO NENO (1º PRIMARIA)	23
EDUCACIÓN SECUNDARIA (2º CURSO).....	24
GALA POLA SEGURIDADE VIARIA	25
CONCURSO DE DEBUXO	27
DÍA DE PORTAS ABERTAS	30
COLECAMIÑOS	32
APP COLECAMIÑOS	33
VISITA TONUCCI	34
I PLENO INFANTIL DE SEGURIDADE VIARIA.....	35
CONVENIO COLABORACIÓN SERGAS	36
VISITAS AO CHUS.....	36
CREACIÓN DE RECURSOS	37

A EDUCACIÓN VIARIA

A educación viaria ten como obxectivos ensinar hábitos para a protección e o coidado das persoas na vía pública, organizar e ordenar o tráfico de vehículos e achegar ferramentas para diminuír o número de mortes como consecuencia de accidentes de tráfico.

É importante comezar coa ensinanza da educación viaria en idades temperás para formar unha base sólida de cara ao futuro. Cómpre que os nenos e nenas coñezan desde pequenos a súa contorna, os sinais de tráfico, os comportamentos seguros e a relevancia de respectar as normas para que teñan claro, por exemplo, onde, de que maneira e cando poden cruzar, a forma máis segura de circular polas beirarrúas, zonas onde poden xogar libremente sen ter que estar atentos ao restos dos usuarios da vía pública etc.



OUTRAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

- COLECAMIÑOS
- PARQUE INFANTIL DE TRÁFICO
- I PLENO INFANTIL SOBRE SEGURIDADE VIARIA
- 1º PRIMARIA (CASA DO NENO)
- 2º ESO (IES XELMÍREZ I)
- VISITAS C.H.U.S
- CONVENIO SERGAS CHARLAS SRI
- CONCURSO DE DEBUXO
- GALA SEGURIDADE VIARIA
- GRUPO CICLISTAS ASPAS

DATOS XERAIS DE PARTICIPACIÓN DE CENTROS EDUCATIVOS

EVENTO	DIRIXIDO A:	NÚM. TOTAL PARTICIPANTES
XERALDINA VIAXA CONNOSCO	EDUCACIÓN INFANTIL	630
MÓVETE SEGURO CON MOITO OLLIÑO	4º EDUCACIÓN PRIMARIA	1078
SON CONDUCTOR DE BICICLETAS	6º EDUCACIÓN PRIMARIA	678
TI CONTROLAS. TI DECIDES	1º BACHARELATO	496
VIVIMOS AS MESMAS REALIDADES	EDUCACIÓN ESPECIAL	178
CANTIDADE TOTAL DE ALUMNADO		3060

RELACIÓN DE CENTROS E PARTICIPACIÓN

CENTROS ESCOLARES	INFANTIL	4º PRIMARIA	6º PRIMARIA
CEIP DAS FONTIÑAS	48	50	-
CEIP DE ROXOS	39	26	28
CEIP LAMAS DE ABADE	48	52	45
CEIP LÓPEZ FERREIRO	50	54	50
CEIP MONTES DOS POSTES	43	51	49
CEIP QUIROGA PALACIOS	45	50	35
CEIP PÍO XII	-	75	75
CEIP RAÍÑA FABIOLA	50	47	24
CEIP RAMÓN CABANILLAS	47	49	38
CEIP SANTIAGO APÓSTOLO	-	18	11
CEIP VITE I	-	26	13
CEIP CASAS NOVOA	24	20	25
SAN XOSÉ DE CLUNY	-	54	47
COMPAÑÍA DE MARÍA	-	75	-
SAN PAIO - ENMA	18	24	20
DIVINO MESTRE	-	26	30
XUVENTUDE	-	17	20
A MILAGROSA	-	24	25
MANUEL PELETEIRO	50	92	-
SAN FRANCISCO XAVIER	-	20	-
SAN JORGE	25	27	26
VILAS ALBORADA	19	23	23
LA SALLE	72	78	-
INMACULADA	-	25	26
NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS	36	53	56
DÍA DE PORTAS ABERTAS	12	-	25
	630	1078	678

BACHARELATO	
I.E.S XELMÍREZ I	80
I.E.S LAMAS DE ABADE	24
I.E.S SAR	78
I.E.S ANTÓN FRAGUAS	100
SEMINARIO MENOR	11
MANUEL PELETEIRO	106
I.E.S PONTEPEDRIÑA	97
	496

EDUCACIÓN ESPECIAL	
ASPAS	58
CEE A BARCIA	30
CEE LÓPEZ NAVALÓN	55
DOWN COMPOSTELA	35
	178

TOTAL PARTICIPACIÓN	
5º EDUCACIÓN INFANTIL	630
4º EDUCACIÓN PRIMARIA	1078
6º EDUCACIÓN PRIMARIA	678
1º BACHARELATO	496
EDUCACIÓN ESPECIAL	178
TOTAL	3060

EDUCACIÓN INFANTIL

(4-5 años)

Objetivos e contidos:


- Achegamento á figura do policía local
- Pasos de peóns. Cruces seguros.
- Viaxa seguro no teu coche.

Centros participantes:

9 PÚBLICOS
5 CONCERTADOS
1 PRIVADO
1 centro sociocultural
(Día de portas abertas)

630

Nenos e nenas



Neste módulo amosámoslles aos menores as principais funcións da Policía Local, e explicámoslles os perigos máis comúns que deberán evitar ao cruzar unha rúa. Para levalo a práctica creamos un minicircuíto composto dun paso de peóns, dous semáforos e varios corre-corre cos que fixeron prácticas como condutores e como peóns, aprendendo así maneiras máis seguras de cruzar unha rúa.

Tamén fixemos un conto *Xeraldina viaxa connosco* que, xunto a un sistema de retención infantil que levamos connosco ás aulas, resultou un complemento idóneo para explicarlles a forma máis segura de como e onde deben viaxar os nenos nun vehículo.

Para que saiban ata cando teñen que usar os sistemas de retención infantís deixámoslles en cada aula un medidor de altura da nosa creación, e outro máis para que poidan poñer na entrada

Todo neno garda un artista dentro. Déixalle descubri-lo.

do centro escolar para que tamén o alumnado de educación primaria que o ten que usar poida saber ata cando é obrigatorio.



Como recordo da nosa visita, regalámoslles un carné infantil de policía para que dispoñan de “máis autoridade” para corrixir aos seus pais ou a quen non cumpra coas normas viarias.

Non podía faltar a nosa mascota Moito Olliño que divertiou os nenos e nenas cos seus xogos e bailes.



[*Para consultar a programación deste módulo preme aquí.](#)

EDUCACIÓN PRIMARIA

(4º curso)

Obxectivos

- Adquirir hábitos de coidado e respecto ás normas e aos sinais de tráfico.
- Acadar condutas de coidado e respecto aos demais.

Parte teórica:

- Comportamentos seguros como peóns
- Tipos de vías
- Sinais para peóns
- Comportamentos como pasaxeiros de coche e autobús.

Parte práctica:

- Paseo pola cidade con asimilación práctica dos contidos teóricos
- A multa da vergoña

Centros participantes:

12 PÚBLICOS
12 CONCERTADOS
1 PRIVADO

1078
alumnos

A educación é a arma máis poderosa que podes usar para cambiar o mundo.



Actividade complementaria: Visita ás dependencias da Policía Local



Agasallo: A cada participante fáiselle entrega dun conto de educación viaria e dun xogo de cartas de condutas seguras.

Neste módulo centrámonos principalmente en comportamentos responsables cando os nenos e nenas exercen de peóns e tamén cando son pasaxeiros de vehículos. Atópanse nunha idade na que os desprazamentos autónomos polas vías son cada vez máis frecuentes, polo que é moi importante a súa implicación coa educación viaria de cara a convertérense en usuarios máis seguros.

Insistímoslles moito nas formas de cruzar unha rúa, tanto urbana como interurbana, tamén nos sinais de peóns e na importancia de non “imitar” condutas viarias non desexadas e observadas a diario en calquera cidade como cruzar fóra dun paso de peóns, non respectar a luz vermella dun semáforo, cruzar porque o fan os demais... Trátase de que acaden seguridade e respecto polos demais usuarios da vía, de cara a que os seus desprazamentos sexan máis seguros.



* [Para consultar a programación deste módulo preme aquí.](#)

EDUCACIÓN PRIMARIA

(6º curso)

Objetivos: Conducción segura e responsable na bicicleta.

Parte teórica:

- Como circular en bicicleta por vías urbanas e interurbanas.
- Obrigatoriedade do uso do casco. Adiantamentos. Circulación en grupo.
- Sinalización de manobras.

Parte práctica: Parque Infantil de Tráfico

Agasallo: A cada participante fáiselle entrega dunxogo creado por este departamento: A Oca Viaria.

Neste módulo quixemos reforzar os coñecementos e destrezas necesarios para facer un bo uso da bicicleta. Nos últimos anos incrementáronse os atropelos aos ciclistas, polo que nos centramos moito na maneira correcta de circular en bicicleta tanto en vías urbanas como interurbanas, no uso do casco, adiantamentos, sinalización, facernos ver...

Este módulo dividiuse en dúas partes; unha teórica onde se reforzaron os comportamentos seguros dos ciclistas, aprendendo tamén as manobras de sinalización ao conducir unha bicicleta polas vías públicas, e unha parte práctica na que o alumnado puido conducir varios vehículos (bicicleta e kart) nun circuíto de seguridade viaria no que tiñan que demostrar os coñecementos adquiridos no módulo teórico. Aproveitamos tamén o parque de tráfico para practicar comportamentos seguros como peóns.



* [Para consultar a programación deste módulo preme aquí.](#)

Algunhas veces gáñase,
algunhas veces pérdese...
pero sempre SE APRENDE

BACHARELATO

(1º curso)

Obxectivos: Fomentar actitudes viarias responsables.

Contidos:

- Sinistralidade viaria.
- Permisos de condución
- Uso do casco
- Alcol e drogas na condución
- Protocolo P.A.S
- Parte amistoso
- *Role playing*

Centros participantes:

5 PÚBLICOS
1 CONCERTADOS
1 PRIVADO

Nº asistentes:

602
alumnos

**O único fracaso
verdadero na vida
é non aprender
diso.**

Segundas estatísticas, a primeira causa de morte en España entre a mocidade de 15 a 29 anos é a sinistralidade viaria.


O que pretendemos acadar con este módulo e que os escolares adquiran actitudes responsables e solidarias cos demais. Para isto dispuxemos de 120 minutos repartidos en dous módulos: un teórico e outro práctico.

No módulo teórico amosámoslles vídeos que tratan de concienciar e motivar os nosos comportamentos na condución, aínda que a maior parte do módulo vai dirixido a tratar de que entendan e asuman a incompatibilidade do alcol e as drogas coa condución, explicándolles os efectos físicos e psíquicos que producen ao consumilas, as taxas permitidas, as consecuencias administrativas e penais polo seu consumo durante a condución...

Para ilustralo na practica, ademais do contido teórico, fixémoslles unha proba que consiste no uso dunhas gafas coas que se simulan os efectos do consumo de alcol. Tamén lles amosamos o uso do etilómetro co que eles mesmos poden facer unha proba de alcolemia.

Co módulo práctico quixemos facer algo que facilitase a comprensión dos contidos teóricos. Con este fin creamos un *role playing*, que é similar a unha dramatización teatral só que neste caso os integrantes non se cinguen a unha historia guionizada senón que recorren á improvisación, o cal estimula e motiva a partir do experiencial, obrigándonos a pensar e a resolver situacións creativamente.

Para iso, inventamos unha situación ficticia que se dá todos os fins de semana: un grupo de mozos e mozas que saen divertirse, consumen alcohol e/ou drogas e cando deben volver para a súa casa deciden coller o coche a pesar de non atoparse ningún deles en condicións de conducir. Antes de chegar ao seu destino sofren un accidente de circulación.



* [Se quieres consultar a programación deste módulo preme aquí.](#)

EDUCACIÓN ESPECIAL

Obxectivos:

- Crear hábitos en relación co uso diario que fan das vías públicas.
- Posibilitar que se integren na súa contorna como usuarios/as frecuentes.

Parte teórica:

- Comportamentos seguros como peóns e pasaxeiros de vehículos.
- Comportamentos seguros en transporte público.

Parte práctica:

- Paseo pola cidade onde levamos á práctica as condutas reforzadas na charla teórica. Tamén usamos unhas tarxetas de condutas positivas ou negativas para darlles aos peóns en función da súa boa ou mala conduta, ben sexa como peón ou como condutor.
- Viaxe en transporte público.

Neste módulo pretendeuse sobre todo fomentar a autonomía viaria, facilitar a integración e favorecer a súa seguridade viaria.

Para iso intentamos explicarlles de maneira clara e sinxela as nocións fundamentais de educación viaria, principalmente sobre cruces seguros, uso do cinto e formas seguras para circular como peóns tanto en vías urbanas como en vías interurbanas, comportamentos seguros como pasaxeiros...

Durante a saída á rúa que fixemos despois da sesión teórica practicamos todo o explicado na aula, ademais de usar o transporte público para desprazarnos ata o centro da cidade de cara a mellorar a súa mobilidade. **Colabora TUSSA.**



Tamén usamos tarxetas de condutas positivas ou negativas para entregarlles aos peóns ou condutores, dependendo de se os seus comportamentos foron seguros ou inseguros.

Centros participantes:

5 PRIVADOS

Nº de asistentes:

178

alumnos

**Todos somos diferentes,
Todos somos especiais,
Todos somos únicos**



Dende a Asociación ASPAS, solicitáronnos unha actividade sobre a normativa ciclista en vigor, para mellorar a formación do grupo ciclista pertencente a dita asociación. Fixemos dúas sesións, unha teórica onde lles explicamos, por unha parte, a normativa dirixida aos ciclistas (obligación do uso do casco, por onde deben circular, de qué maneira se debe circular en grupo...), e por outra, como afrontar diversas situacións perigosas na circulación (como acceder e circular por unha rotonda, como adentrarse nunha intersección sen sinalización...).



* [Se queres consultar a programación deste módulo preme aquí.](#)

PERSOAS MAIORES

Obxectivos:

- Reforzar condutas peonís e facilitar información dos cambios na normativa.
- Coñecer os cambios que se producen no seu organismo coa idade e que repercusión teñen á hora de conducir ou na súa conduta como peóns.
- Non automedicación. Precaución na inxesta de medicamentos que afectan á conducción.
- A difícil decisión de “cando deixar de conducir”

Centros participantes:

5 PÚBLICOS
1 CONCERTADOS
1 PRIVADO

Nº de asistentes:

118

Parte teórica:

- Sinistralidade peonil na nosacidade.
- Comportamentos seguros como peóns.
- Como levar os nosos netos no coche.
- Como circular por unha rotonda.
- Cando deixar de conducir

Non te lamentes por envellecer, é un privilexio negado a moitos.

Parte práctica:

- Paseo por a cidade no que levamos á práctica as condutas reforzadas na charla teórica.



Os obxectivos da Estratexia de seguridade viaria 2011-2020, no que afecta ás persoas maiores, son: mellorar o seguimento das capacidades dos maiores para a conducción, proporcionar espazos seguros de mobilidade e mellorar o coñecemento sobre a accidentalidade dos maiores e a súa mobilidade.

Nestas idades sófrense menos accidentes, pero, se temos en conta os accidentes en función do número de habitantes, apréciase un incremento na accidentalidade a partir dos 60 anos.

O noso principal obxectivo coa campaña Maiores + Seguros é que os nosos maiores melloren en autonomía na súa mobilidade, o que lles facilitará os desprazamentos e suporá para eles unha fonte de actividade social.



O día que impartimos a charla no Centro Sociocultural do Ensanche aproveitamos para facer unha visita ao CEIP Raíña Fabiola onde os maiores lles contaron aos máis pequenos a súas experiencias como peóns de cara a reforzar os comportamentos seguros do alumnado.



Agasallo: Fáiselles entrega aos participantes de chalecos e brazaletes reflectantes



[* Se queres consultar a programación deste módulo premeaquí.](#)

TALLERES SOBRE SISTEMAS DE RETENCIÓN INFANTIL

Objetivos: Facilitar información sobre a normativa en vigor e reforzar a importancia do uso correcto dos sistemas de retención infantil (S.R.I.).

Contidos:

- Normativas en vigor.
- Colocación do S.R.I.
- Grupos de S.R.I.
- Almofadas e chalecos para embarazadas.
- Taller práctico con asesora de S.R.I (Bebiónos)

Lugar de celebración:

Hospital Clínico Universitario

Centro Socio Cultural do Ensanche

Nº de asistentes: 47

Os estudos demostran que un uso axeitado dos dispositivos de retención reduciría nun 75% as lesións producidas, sendo a primeira causa de morte entre a poboación menor de catorce anos.

O que buscamos con estes talleres é a concienciación dos pais sobre o importante que é usar sempre, e de maneira axeitada, os sistemas de retención infantil cando se viaxa en automóbil, por moi curtos que sexan os desprazamentos.

Despois da charla teórica onde repasamos a actual normativa, as recentes modificacións legislativas, Isofix, a contramarcha etc., todos os asistentes puideron resolver as súas dúbidas sobre a colocación dos S.R.I., xa que contamos cunha cadeira de formación da que a nosa asesora sobre sistemas de retención infantil (Alicia) se axudou para as explicacións e coa que os pais puideron practicar a forma correcta de instalar os distintos tipos de S.R.I.

Este ano, o noso maior interese foi demostrarlle aos pais que a forma máis segura de levar aos menores no coche, é viaxando a contramarcha o maior tempo posible.



[Para ver a noticia publicada no xornal prema aquí](#)

Sempre seguros
Sempre protexidos
Sempre na súa cadeira



CAMPAÑA INFORMATIVA USO DOS SISTEMAS DE RETENCIÓN INFANTÍS.

Unha recente campaña feita por esta Policía permitiunos comprobar que o 30% dos menores que usan SRI faino de xeito incorrecto.

Resultados campaña informativa sobre utilización dos SRI:

- **VEHÍCULOS CONTROLADOS: 180**
 - 177 TURISMOS
 - 3 FURGONETAS
- **MENORES CONTROLADOS: 243**
 - 225 S.R.I
 - 18 CINTURÓNS DE SEGURIDADE
- **A CONTRAMARCHA: 17**
 - SOAMENTE UN SIN ESTAR OBRIGADO (5 AÑOS)
- **ARNÉS FROXOS: 46**
- **CABEZA POR ENRIBA DO REPOUSACABEZAS: 18**
- **2 MENORES GRUPO 1, EN CADEIRA GRUPO 2**
- **4 MENORES SIN USAR NINGÚN TIPO DE S.R.I**
- **1 MENOR VIAXANDO EN CAPACHO COA CABEZA CARA A PORTA**
- **A UN PAI LLE INFORMAMOS QUE LEVABA AO SEU FILLO DE XEITO INCORRECTO E 3 DÍAS DESPOIS A NAI O TRAÍA TAMÉN DE XEITO INCORRECTO.**
- **SOAMENTE 3 MENORES OCUPABAN O ASENTO DIANTEIRO DO VEHÍCULO, TODOS ELES USANDO CINTURÓN DE SEGURIDADE DE XEITO CORRECTO.**
- **SOAMENTE 4 MENORES USABAN O ASENTO TRASEIRO CENTRAL (O MÁIS SEGURO)**
- **95 MENORES OCUPABAN O ASENTO TRASEIRO QUE SE ATOPA DETRÁS DO CONDUTOR.**
- **141 MENORES OCUPABAN O ASENTO TRASEIRO UBICADO DETRÁS DO ASENTO DO COPILOTO.**

243 INSPECCIONES


■ CORRECTO ■ ARNÉS FROUXOS ■ CABEZA POR ENRIBA DO SRI ■ SIN SRI

CORRECTO: 155

ARNÉS FROUXOS: 46

**CABEZA ENRIBA SRI:
18**

SIN SRI: 4



OUTRAS COLABORACIONES

CASA DO NENO(1º primaria)

Os alumnos de 1º de educación primaria da escola infantil Casa do Neno estiveron traballando na aula nun proxecto de educación viaria. Como fase final do proxecto solicitaron a nosa participación para impartir una charla sobre este tema.

O noso principal obxectivo foi reforzar o traballo feito por eles e os comportamentos seguros como a obrigatoriedade de usar os sistemas de retención infantís, a maneira máis segura para cruzar unha rúa...Buscamos tamén un achegamento á figura do policía explicándolles as nosas principais tarefas.

A actividade completouse cunha visita ás dependencias da Policía Local.



Obxectivos:

- Fomentar comportamentos responsables
- Acadar condutas de coidado e respecto aos demais.

Centros participantes:

IES
ARCEBISPO XELMÍREZ I

43
Nenos e nenas

Inténtase adaptar o contido da actividade ás necesidades do alumnado para que este obteña unha conciencia viaria que mellore a súa autonomía, o seu comportamento e a súa seguridade.



Os principais aspectos tratados foron a accidentalidade peonil na nosa cidade, un repaso aos comportamentos seguros como usuarios de bicicletas, unha pequena introdución ao permiso AM, o protocolo PAS e finalmente o alcol e as drogas na condución.

Na parte final da actividade os alumnos/as puideron facer una proba de alcolemia co alcolímetro.

Tamén probaron unas gafas de simulación de alcol que simulan una taxa catro veces por riba da permitida. Con elas puideron comprobar as dificultades que suporía conducir nese estado.



GALA POLA SEGURIDADE VIARIA



Destinatarios:

Esta gala foidirixida a rapaces de 4º de Educación Primaria dos colexios de Santiago de Compostela que participaron nas actividades impartidas polo Departamento de Educación Viaria da Policía Local.

Os nenos e nenas puideron gozar de:

- Representaciónsteatrais
- Interactuacións no escenario de proxeccións de luz e son
- A interacción coa nosa mascota Moito Olliño
- Algunhas improvisacións escénicas relacionadas coa seguridade viaria
- Entrega de diplomas a todos os alumnos que participaron este ano escolar nas actividades de educación viaria dirixidas a 4º de primaria (1.078 alumnos/as).

Lugar de celebración:

- Auditorio de Galicia

Nº de asistentes: Entorno a 600





CONCURSO DE DEBUXO

Este ano creamos o I CONCURSO DE DEBUXO no que puido participar todo o alumnado de cuarto de educación primaria dos centros educativos de Santiago de Compostela.

O alumnado tivo que presentar un debuxo cun título de creación propia que tivera relación coas campañas de seguridade viaria desenvolvidas polo Concello ao longo deste curso escolar.



Foron 270 os escolares participantes, resultando gañadores os catro mellores debuxos. Os tres primeiros foron eleixidos por un tribunal, e o cuarto ganador saliu dunha votación feita na nosa páxina do facebook (educación viaria en compostela).



PRIMEIRO PREMIO



SEGUNDO PREMIO

TERCEIRO PREMIO



CUARTO PREMIO

DÍA DE PORTAS ABERTAS

Nos módulos de educación infantil e 6º de educación primaria organizouse un día de portas abertas.

Así, o día de portas abertas para **educación infantil**, no que participaron nenos e nenas de 4 a 6 anos, desenvolveuse no Centro Sociocultural do Ensanche cunha temática idéntica á empregada nos centros educativos.



Aos grupos de primaria e demais pequiños tamén lle dedicamos unha tarde de portas abertas no parque infantil de tráfico, para que todos os veciños que quixeran achegasen os rapaces ata o recinto de Amio, onde puideron conducir karts, bicis ou o seu propio “vehículo”.



- Todos eles foron finalmente agasallados cunha oca viaria de creación propia.

CEIP Raíña Fabiola

Este ano tivo continuación o coleccionamiños creado o curso pasado no CEIP Raíña Fabiola. Este segundo ano sumouse máis alumnado ao percorrido.

Precisamente o alumnado deste centro participou nun concurso que premiaba con puntos a participación diaria no coleccionamiños. Os gañadores foron convocados polo alcalde ao I Pleno de educación viaria.



CEIP Ramón Cabanillas

Neste curso escolar 2016/17 estase a crear un novo coleccionamiños para implantar no CEIP Ramón Cabanillas.

Fixéronse reunións de traballo con representantes veciñais da contorna do centro, con representantes do centro escolar e co pais interesados en que os seus fillos participen activamente no futuro coleccionamiños.

APP COLECAMIÑOS

Outra iniciativa que estamos a preparar é o desenvolvemento dunha aplicación para o móbil que implicará as familias, alumnos e establecementos colaboradores e coa que os familias poderán:

- Ter un seguimento do percorrido que fai o seu fillo/a ata o colexio,
- Recibir unha notificación cando seus fillos cheguen ao centro escolar,
- Levar un cómputo dos días que van andando ao colexio,
- Beneficiarse coa súa participación de puntos que logo poderá trocar nos establecementos que participen nesta iniciativa, premiando así a súas mobilidade sostible, etc

O centro escolar disporá dun punto de control onde o alumnado pasará a súa pulseira para que o lector da máquina remita unha alerta aos pais e estes saiban que o seu fillo xa está na escola.

Os establecementoscolaboradores disporán dunha aplicación móbil para poder descontar puntos por premios trocados.

Coa aplicación que terán as familias no seu teléfono móbil, ademais de recibiren a alerta xa comentada cando os seus fillos cheguen á escola, tamén poderán ver os puntos acumulados e consultar o catálogo de premios.

Crearase una páxina web desde onde se poderán facer as mesmas consultas que na aplicación e á que se accederá cunha identificación de usuario e unha chave.

VISITA TONUCCI

Francesco Tonucci, “Frato”, psicopedagogo e retratista, creou a súa cidade natal o proxecto da **Cidade dos nenos**, no que propuxo que as cidades estivesen estruturadas e pensadas para os máis pequenos. O experimento foi máis que exitoso, estendéndose a diferentes países.

O pasado mes de setembro recibimos a súa visita, acompañándonos por un dos camiños escolares deseñados por este departamento.



I PLENO DE SEGURIDADE VIARIA INFANTIL

O alumnado de cuarto de educación primaria do colexio Raíña Fabiola foi o elixido para participar no I Pleno infantil de seguridade viaria.


Para incentivar a súa asistencia ao Pleno, organizouse un concurso previo no que se premiaba a participación activa no colecamiños a través de puntos obtidos por cada día en que fixesen o camiño, con distinto valor dependendo do clima.

Na sesión do Pleno, presidida polo alcalde, o concelleiro de mobilidade e o inspector-xefe da Policía Local de Santiago de Compostela, os escolares reivindicaron ata dez melloras para o seu colecamiños, entre elas:

- Un aparcabicis á entrada do colexio
- Unha zona peonil diante das entradas ao centro para reforzar a seguridade do alumnado.
- A ampliación dos camiños anexos ao colexio mediante a construción de carrís-bici
- Arranxar algúns desperfectos nos anexos ao colexio etc.

Algunhas das propostas foron aceptadas polo concelleiro de mobilidade, que se comprometeu a estudalas todas e a executar as que fosen posibles.

Foi una experiencia moi positiva que esperamos repetir en vindeiros cursos.



CONVENIO COLABORACIÓN SERGAS

Mantivemos negociacións co SERGAS para asinar un convenio de colaboración co finde impartir charlas sobre sistemas de retención infantil a mulleres embarazadas e a calquera persoa interesada no tema.

Antes de iniciar as referidas charlas fixemos unha campaña na nosa cidade fomentando o correcto uso dos S.R.I.

VISITAS AO CHUS

Como xa ben sendo costume, fixemos dúas visitas á escola Camilo José Cela, no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS) para pasar un anaco cos rapaces que se atopan ingresados no complexo.

Para nós é unha das visitas máis sentidas, xa que son nenos que se atopan ingresados por problemas de saúde, e intentar que se “esquezan” das súasdoenzas durante un momento ou que bosquexen un sorriso que lle faga máis amena a súa estadía no hospital é o noso principal obxectivo.

Acompañounos na visita ao centro hospitalario a nosa mascota Moito Olliño, quen bailou e xogou cos rapaces ademais de agasallalos cun xogo de cartas sobre seguridade viaria, un conto de adhesivos relacionado coa educación viaria e un xogo de creación propia deste departamento, a oca viaria.

Ás veces, non se trata de aprender soamente con contidos teóricos. Cun sorriso e boa disposición, podemos chegar máis lonxe que cun libro.



CREACIÓN DE RECURSOS

Dende o Departamento de Educación Viaria da Policía Local de Santiago de Compostela creamos unha serie de recursos que nos serven, por unha parte, para facilitar o noso labor diario e, por outra, para agasallar aos participantes nas actividades que vimos desenvolvendo ao longo de todo o curso escolar.

Medidor de altura

Quixemos que todos os centros de educación infantil e educación primaria nos que houbo algunha actividade de educación viaria dispuxeran dun medidor de altura para que os máis pequenos puidesen comprobar ata cando teñen que usar os sistemas de retención infantil ao viaxar en automóbil.

Carné de policía infantil

Aos máis pequenos é a quen máis ilusión lles fai a nosa presenza nas aulas. Por iso, e para reforzar os comportamentos seguros que lles tratamos de inculcar, quixémolos agasallar cun carné de policía infantil para que a partir de agora sexan os nosos “axudantes” e corrixan os seus pais ou familiares cando observen que cometan algunha infracción.

Diploma acreditativo

A todos os participantes nas actividades deseñadas para cuarto de educación primaria entregóuselles un diploma acreditativo pola súa asistencia e aproveitamento ás clases de educación viaria impartidas pola Policía de Santiago de Compostela.

Oca viaria

É o tradicional xogo da oca pero adaptado á educación viaria, coas principais normas de tráfico que todos debemos cumprir cando actuemos como usuarios da vía pública.

Lona oca viaria

É o xogo da oca viaria pero nunha lona de 2,50 metros de diámetro, de xeito que permita xogar fóra das aulas cun dados de tamaño xigante e sendo as “fichas” do xogo os propios participantes.

Baralla de cartas sobre educación viaria

Trátase dun xogo de cartas baseado en construír parellas sobre comportamentos relacionados coa seguridade viaria. Foilles entregado a todos os alumnos de educación infantil.

Chalecos e brazaletes reflectantes

Co obxectivo de que todos os peóns da nosa cidade se conciencien da importancia de facerse ver cando camiñen por vías interurbanas.

Fóronlle entregados a todos os participantes na campaña MAIORES + SEGUROS.



MEDIDOR ALTURA



CARNÉ POLICÍA INFANTIL



BARALLA CARTAS EDUCACIÓN VIARIA



CHALECOS REFLECTANTES



DIPLOMA



OCA VIARIA



BRAZALETES REFLECTANTES

SUXESTIÓNS DE MELLORA

- Diseñar talleres cada vez máis participativos, buscando involucrar os asistentes.
- Buscar estratexias para involucrar as direccións dos colexios, institutos e claustros. Son un referente para os escolares e ocupan unha posición valiosa entre nós e os escolares.
- Incrementar a comunicación e información coas familias, ben sexa a través do uso das redes sociais ben a través dos medios de comunicación ou xuntanzas, onde poder intercambiar impresións.
- Aumentar a presenza en todos aqueles foros que teñan relación coa mobilidade e seguridade viaria.
- Programar xuntanza coa dirección dos colexios e institutos a comezos do curso escolar para que os programas contén coa súa valoración e así conseguir que sexan máis eficaces.
- Lograr que o proxecto elaborado de parque infantil de tráfico propio ao cuberto se execute definitivamente en Compostela.
- Instaurar as accións tecnolóxicas para darlle seguimento aos proxectos de Colecamiños, como ferramenta de seguimento e reforzo.
- Comezar a traballar con convenios de colaboración coa USC, especialmente coas facultades de Ciencias da Educación e Comunicación, por ter estes estudantes a dobre vertente de de usuarios viarios vulnerables e futuros profesionais que poden contribuir activamente na mellora da seguridade viaria.
- Producir campañas audiovisuais sobre as principais problemáticas que nos está a presentar na actualidade a sinistralidade.